

## **OBRADOIRO DE XOGUETES**

### **OS XOGUETES ESQUECIDOS (DA CULTURA TRADICIONAL GALEGA)**

#### ***Andacamiños***

Consiste nun pau dun metro, pouco máis ou menos, que era cravado nunha roda, xeralmente de madeira, aínda que ás veces empregaran calquera lata redonda dunha conserva, e que xiraba ao ser empurrada pola forza do rapaz ou rapaza portador.

Tamén pode servir un prato de plástico ou calquera lámina redonda deste material.

#### ***Andacamiños con carrete de fío***

Só compre atopar un carrete de fío e unha poliña curvada cunha galla na punta.

#### ***Aro***

Un aro de calquera material e un guiador feito cun pau, mellor de sabugueiro (bieiteiro), cun arame grosso dobrado en ángulo recto 3 veces na punta.

#### ***Asubío de abelá***

Cortar o bico da abelá, deixándolle un buratiño. Por aquí facíase o baleirado cun arame ou cunha punta. Tamén se lle poden facer 3 ou 4 furadiños máis.

Agora só falta pegarlle unha palliña no furado do bico, sempre deixándolle un ángulo axeitado para que soe ben.

#### ***Asubío de capador***

Córtanse 5 ou 6 anacos de cana de diferentes lonxitudes (as canas cun só nó e o outro extremo aberto) e despois hai que amallosos ben apertados de menor a maior e de esquerda a dereita.

#### ***Bailarete***

Facer unha especie de peón atravesando unha bugalla de carballo cun pauciño estreito deixando que a punta deste saia un pouquiño de fóra.

#### ***Barco de noz***

Fendemos a noz en dúas metades e baleiramos unha das partes, poñémoslle un pouco de plastilina no fondo e espetamos un escarvadentes nela que faría de mastro do barco e nel poñemos un anaco de papel que faga de vela.

#### ***Cabalo ou vaca de pataca***

Precisamos dúas patacas, unha grande e outra pequena e varios pauciños. As patacas serían o corpo e a cabeza e os pauciños, que se lle cravarían, as patas, o rabo, o pescozo e as orellas ou cornos.

#### ***Cabalo ou vaca de cortiza***

Precisamos dúas rollas de cortiza dalgunha botella de viño. Primeiro recórtase unha delas para darlle forma á cabeza e despois faise coma no caso anterior.

### ***Canaveira***

Faise coa cana dunha vasoira vella ou calquera outra, de 3 ou 4 nós de longo. Realízase unha fendadura lonxitudinal polo medio e medio da cana ata o penúltimo nó aproximadamente. Fáiselle un rebaixe á altura do nó anterior para que faga de caixa de resonancia e amárraselle un fío forte arredor de onde remata a fendadura para que esta non se amplíe. Para usala coma instrumento musical agarrámola polo extremo pechado e golpeámola contra a outra man.

### ***Carrizo de cana***

Córtase unha cana por debaixo dun nó e logo a uns 5 ou 10 cm, fáiselle un rebaixe rectangular duns no extremo aberto e dúas fendas en cada un dos dous extremos e a uns 0,5 cm do rebaixe para despois pasar un dobre fío dun material resistente que se amarra na base da cana. A continuación prepárase unha lámina de cana un pouco máis estreita que o rebaixe que fixemos e métese entre os 2 fíos e dánselle voltas sobre si mesma para que quede ben suxeita e que se tense o fío.

Para manipulalo debemos premer con golpes dos dedos na lámina, que así petará na cana producindo sons.

### ***Carrizo de noz***

Facemos o mesmo cunha media noz baleira. Neste caso o son é mellor se en vez de usar unha lámina de cana usamos un tubiño de cana.

### ***Carro de nabo ou ...***

Córtase un nabo grande lonxitudinalmente e polo medio. De aquí sácase o chedeiro, ao que se lle poden espetar, polos lados os fungueiros de carabullíños. Pola parte dianteira engancháselle un pau máis forte para facer a cabezalla, a poder ser cunha galla que faga de chavella. De seguido córtase outro nabo máis pequeno e redondiño para facer as rodas, que se unen entre si e ao chedeiro con outro carabullíño.

### ***Carro de táboa***

Unha táboa rectangular para o chedeiro. A esta crávaselle á altura do medio dous tacos separados entre si, por debaixo e a cada lado a modo de apeladoiras para soste despois o eixo. Fanse dúas rodiñas con algo redondo do tamaño adecuado (tapas de ...) e fáiselles un furadiño no medio para enganchar o eixo. Crávanselle uns pauciños de fungueiros e pónselle un pau de cabezalla.

### ***Cichote***

A un anaco de cana, de nó a nó, fáiselle unha abertura por un dos seus extremos e no outro un furadiño duns 2 mm. De seguido búscase un pau recto e estreito, de maior tamaño que a cana, e realízase un rebaixado na punta para poder envolverlle la, un trapo, ... para facer máis presión ao ser introducido na cana.

Sirve para sorber auga e despois xiringala.

### ***Chifre de ameneiro, castiñeiro ou salgueiro***

A unha póla nova duns 10 cm facémoslle un corte circular que chegue á madeira para separar a casca; machucamos esa pel con algo romo ao tempo que lle facemos unha fenda nun dos extremos e unha punta en forma de cuña; retorremos coas mans a casca machucada ata que saia intacta e facémoslle un pequeno rebaixe á madeira no extremo, en forma de cuña e outro máis profundo no medio, pero sen chegar ao corte circular inicial e vólvese a colocar no seu sitio esa camisa de casca que lle quitamos antes. Xa está listo para chifrar.

### ***Colar de bugallas***

Fúranse as bugallas e ensaríllanse cun fío forte.

Tamén se pode facer con grans de millo, fabas, flores, castañas, doas, bagas de ...

### ***Corneta***

A un dos extremos dun tubo duns 10 cm de longo e uns 2 de diámetro váiselle envolvendo en espiral unha tira ancha de plástico semiduro ata formar unha corneta.

### ***Coroa***

Faise unha tira trenzando xuncos, herbas de talo oco, vimbios ou pólas verdes moi finas e unindo os extremos á medida da cabeza do rei ou raíña e vánselle poñendo de xeito vertical e introducindo os dous extremos, pedaciños de xuncos, herbas de ...

### ***Fonda de xunco***

En primeiro lugar faise un trenzado con tres xuncos duns 50 cm, logo unha forma plana engadida aos anteriores, con 6 xuncos, que servirá de base para meter a pedriña. Posteriormente trézanse estes 6 xuncos con outros transversalmente a xeito de cu de cesto. Finalmente engánchase a outro trenzado de 3 xuncos coma o primeiro.

### ***Fruta con lámina de cebola***

A un tubo de cana cortado entre dous nós, deixándolle abertura nun extremo fáiselle un furado un pouco separado do nó pechado e átaselle ben apertada a casca dunha cebola cun fío forte no extremo aberto. Sópraselle como a unha fruta traveseira.

### ***Galo de loureiro***

Para facer o galo compre cortar unha poliña de loureiro duns 12 cm de longo e un de diámetro. Procúrase que os cortes sexan ben perpendiculares polos dous extremos. Nun extremo faise un corte transversal duns 3 cm e introdúceselle unha folla de loureiro nese corte, ben centrada polo nervio principal e de punta. Recórtaselle o sobranse á folla polos dous lados e quítaselle a casca ao loureiro neses 3 cm. Para que funcione hai que situar paralelamente o pauciño a carón dos beizos e soprar.

### ***Grileira de cana***

Córtase a cana entre 2 nós. Fánselle uns cortes deixándoa en tiras ou barrotiños sen chegar ata un dos nós, onde se lle ata unha piola para que non esgazasen os cortes dos barrotes. Despois pónselle unha chapiña circular (a tapa dun tarro por exemplo) encaixada no remate aberto ao tempo que se mete o grilo.

### ***Curuxa***

Á bugalla dun carballo fáiselle un furado de 3 ou 4 mm de diámetro e baleirase a través del cun arame. Para facelo soar apoiase o beizo inferior na beira do furado e sóprase.

### ***Pistola de millo***

Cóllese unha cana seca de millo e córtase por un lado a uns 10 cm do nó onde arrinca a espiga e polo outro á altura á que chegaba esta, xusto o seu encaixe. Crávaselle unha varinha de vimbio que se dobra ata que a outra punta encaixe nun buratiño atravesado por un pauciño que fai de gatillo. Diante deste extremo, no oco, ponse a bala.

### ***Pistola de sabugueiro***

Consiste nun tubo de sabugueiro con forma de pistola (cunha galla para a culata). Fáiselle unha canle duns 5 cm pola parte baixa, pegado á culata e aproveitase para baleirar o tubo. Córtase unha varilla de paraugas, fáiselle unha pequena dobradura en forma d gancho cara atrás, a fin de que se suxeite contra a culata. Dóbrase a presión e así permanece suxeito o gatillo. Introdúcese o proxectil (unha faba ou ...) ata o extremo da varilla e logo tirase por ela para atrás ata que a punta se enganche contra a parede de arriba do tubo. Para disparar, prémese sobre a varilla de atrás e entón ceibase con forza a punta e bate no proxectil.

### ***Rinrán ou rique raque***

Cóllense 2 noces. A unha delas fáiselle un furado de medio centímetro na barriga (perpendicular ás 2 metades da noz), sen que atravesese para o outro lado, pois esta servirá de base. Por aí introdúcese un pau, ben redondiño para evitar o rozamento, da mesma anchura e duns 8 cm de longo, que entre moi xusto, para que non se mova. Á outra noz fáiselle outro furado polo mesmo sitio que á primeira pero que a atravesese completamente de lado a lado. De seguido, baleirase cun arame e ábreselle un buratiño duns 3 mm no centro da barriga pegado á unión das dúas metades da noz. Posteriormente métese un fío forte duns 30 cm polo buraquiño máis pequeno, sácase polo grande e átase ao pau, que fai de eixo, á altura deste furadiño. Introdúcese a segunda noz no eixo e logo acciónase tirando e soltando, pois coa forza centrífuga vólveo enrolar.

### ***Tarabela***

A un carrete de fío de madeira duns 5 ou 6 cm crávanselle unhas puntiñas pequenas, sen cabeza, separadas un cm nun dos extremos e deixando o furado da bobina no centro. Por este furado introdúcese o eixo, un pouco máis longo que o carrete para podelo agarrar ( a parte por onde se agarra debe ser máis ancha que a que vai introducida, para que non saia por arriba). A hélice, de lata, ten que ir asentada nas dúas puntiñas a través de 2 furadiños que teñen que estar totalmente centrados. Finalmente só queda atopar unha piola fina duns 25 cm e enrolala

ao redor da bobina e atado por un extremo a un pauciño duns 5 cm. Tírase do fío e a hélice sae voando. É aconsellable poñer a hélice, no momento de tirar do fío, máis alta que os ollos para evitarmos accidentes.

### ***Tirabalas ou tiratacos***

Compre atopar un pedazo de sabugueiro ben dereitiño, sen nós e duns 20 ou 30 cm. Pélase ben e sácaselle cun arame todo o miolo de dentro. Faise un poxador, a xeito de baqueta, que faga tope (que deixe uns cm libres cara ao outro extremo do tubo). O funcionamento é tipo xiringa. Úsanse de proxectís os froitos dos loureiros ou ... que se introducen no oco do tubo e empúrraselle co poxador ata a punta, despois métese outro proxectil e vólveselle a empuxar moi rápido e forte. Agora sae o primeiro disparado facendo un ruído semellante ao dunha pistola por mor do aire que se comprime entre o espazo baleiro que queda entre os dous proxectís.

### ***Tirafondas***

Precísase unha poliña gallade, a xeito de v con mango. Fáiselle un pequeno rebaixe de un cm nas dúas gallas e algo separadas da punta. Fanse dúas tiras duns 20 cm de longo e 1 cm de largo cun pneumático pinchado de bicicleta, que se enganchan na parte rebaixada das gallas apertando ben forte cun fío o cordel. No outro extremo das tiras de goma átaselle un anaco de coiro dun zapato vello, facéndolle dous furadiños a ambos lados para mentes por eles as gomitas e atalas fortemente. E úsase como todos sabemos.

### ***Violín de millo***

Faise a finais do verán ou principios do outono.

Precísase un anaco dun talo de millo que teña 3 nós, entre dous deles debía estar situada a mazaroca. Nesta parte curva e cóncava hai que facerlles 2 cortes lonxitudinais ás arestas laterais que amparan entre nó e nó a espiga. Collemos dous anacos de talo de algunha pranta non leñosa pero dura e metémoslle un, atravesado en forma de cuña, para que esas arestas saian cara arriba e tense. O outro anaco reservámolo para poñelo no outro extremo a xeito de chavella que simularía a parte da empuñadura do violín.

Para facer o arco hai que cortar outro anaco de talo, pero totalmente recto e tamén con 3 nós. Hai que facer, entre dous nós, un corte lonxitudinal e logo outros 3 ou 4, con moito coidadiño de que non rompan. Feitas as cordas, métenselles 2 cuñas atravesadas en cada extremo para o seu tensado.

### ***Zoadeira de botón***

Tamén é moi doado facer unha zoadeira cun fío pasado primeiro por un burato dun botón, logo polo outro e atar as 2 puntas. Xíralo rápido e logo estirade os brazos para que zoe...

### ***Papaventos de cartucho***

Son moi doados de facer: dobras o prego de papel de seda para facer un cadrado ... Cortas o rectángulo sobrante, abres o triángulo e xa tes o cadrado, decóralo (pódelo facer con

simetrías) e cortas catro fíos iguais. Cortas un fío que che sirva de medida. Logo pos punta con punta con outro que vas a cortar igual, estíralos dous, mesmo estarricados nunha mesa ou no chan, e cortas o segundo onde remata o primeiro. Así 3 veces e xa tes os 4 fíos. Cada un deles átsallo ben (con varios nós apertados, deixando unha punta de papel de un centímetro e medio) a unha punta do cadrado e os outros catro extremos dos fíos os atas cun nó conxunto, e xa está ..., a correr ...